

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2021/2022

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	2021/2022	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CRISTINA VÁZQUEZ DEL PRISCO, ESTEFANÍA GARCÍA AMOR (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial, analizando as teorías explicativas e as características específicas do grupo a que vai dirixido.
RA2 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA3 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito cognitivo en relación coas teorías do desenvolvemento cognitivo e das características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA4 - Planifica estratexias, actividades e recursos psicomotores en relación cos principios da educación psicomotriz e as características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, argumenta as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as teorías explicativas do ámbito sensorial.
CA1.2 Identifícanse as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA1.2.1 Indícanse as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade
CA1.3 Identifícanse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento sensorial.
CA1.3.1 Indícanse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento sensorial, así como todo o relativo a elas para a práctica educativa.
CA1.7 Valorouse a importancia da intervención no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.
CA1.7.1 Xustificouse a importancia da intervención no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.
CA2.1 Identifícanse as características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA2.1.1 Indícanse as características evolutivas motrices das persoas destinatarias en función da súa idade
CA2.1.3 Identifícanse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento motor.
CA2.4 Seleccionáronse as axudas técnicas que cumpra empregar.
CA2.4.1 Identifícanse as axudas técnicas que cumpra empregar.
CA3.1 Identifícanse as teorías explicativas do desenvolvemento cognitivo.
CA3.2 Identifícanse as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función das súa idades.
CA3.2.1 Indícanse as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA3.3 Identifícanse os principais trastornos e as alteracións no desenvolvemento cognitivo.
CA3.3.1 Indícanse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento cognitivo, así como todo o relativo a elas para a práctica educativa.
CA4.1 Identifícanse os principios da educación psicomotriz.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.2 Identifícanse as características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA4.2.1 Indicáronse as características evolutivas psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA4.5 Identifícanse os principios e os ámbitos de actuación da educación psicomotriz.
CA4.5.1 Indicáronse os principios e os ámbitos de actuación da educación psicomotriz.
CA6.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.1.1 Identifícanse os indicadores de avaliación.
CA6.6 Identifícanse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
CA6.6.1 Indicáronse as situacións nas que cumpra a colaboración doutro perfil profesional.
CA6.6.3 Indicáronse os pasos a seguir segundo o recollido na normativa e protocolos vixentes, naqueles casos nos que cumpra a colaboración doutro perfil profesional.
CA6.7 Identifícanse as causas dunha intervención non adecuada.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial, analizando as teorías explicativas e as características específicas do grupo a que vai dirixido.
RA2 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA3 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito cognitivo en relación coas teorías do desenvolvemento cognitivo e das características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA4 - Planifica estratexias, actividades e recursos psicomotores en relación cos principios da educación psicomotriz e as características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA5 - Pon en práctica actividades de intervención no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor en relación cos obxectivos previstos e coas características dos cativos e das cativas.
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, argumenta as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Identifícanse as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA1.2.2 Tivéronse en conta as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade, na proposta de actividades de intervención.
CA1.3 Identifícanse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento sensorial.
CA1.3.2 Realizáronse propostas que tivesen en conta as características das persoas destinatarias, no caso de presentar alteración e/ou trastornos do desenvolvemento sensorial.
CA1.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adecuados ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA1.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias, en función da súa idade.
CA1.6 Realizáronse propostas creativas e innovadoras na planificación da intervención.
CA1.7 Valorouse a importancia da intervención no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.
<b>CA1.7.2 Tívoise en conta na intervención a importancia da intervención, no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.</b>
CA2.1 Identificáronse as características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
<b>CA2.1.2 Tivéronse en conta as características evolutivas motrices das persoas destinatarias en función da súa idade, na proposta de actividades de intervención.</b>
CA2.2 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adaptados ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
<b>CA2.2.1 Realizáronse propostas que tivesen en conta as características das persoas destinatarias, no caso de presentar alteracións e/ou trastornos do desenvolvemento motor.</b>
CA2.3 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA2.4 Seleccionáronse as axudas técnicas que cumpra empregar.
<b>CA2.4.2 Propuxéronse as axudas técnicas que cumpra empregar.</b>
CA2.5 Valorouse a importancia do desenvolvemento motor na adquisición da autonomía persoal.
CA3.2 Identificáronse as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función das súa idades.
<b>CA3.2.2 Tivéronse en conta as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función da súa idade, na proposta de actividades de intervención.</b>
CA3.3 Identificáronse os principais trastornos e as alteracións no desenvolvemento cognitivo.
<b>CA3.3.2 Realizáronse propostas que tivesen en conta as características das persoas destinatarias, no caso de presentar alteracións e/ou trastornos do desenvolvemento cognitivo..</b>
CA3.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características evolutivas no ámbito cognitivo dos nenos e das nenas.
CA3.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
CA3.6 Fixéronse propostas creativas e innovadoras.
CA4.2 Identificáronse as características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
<b>CA4.2.2 Tivéronse en conta as características evolutivas psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade, na proposta de actividades de intervención.</b>
CA4.3 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA4.4 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA4.5 Identificáronse os principios e os ámbitos de actuación da educación psicomotriz.
<b>CA4.5.2 Aplicáronse os principios da educación psicomotriz.</b>
CA4.6 Valorouse a importancia da psicomotricidade na educación infantil.
CA5.1 Descríbense as principais dificultades que poidan xurdir na realización das actividades.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA5.2 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
CA5.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA5.4 Realizáronse as actividades consonte a planificación temporal.
CA5.5 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.
CA5.6 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
CA5.7 Valorouse a coherencia da implantación das actividades coa planificación.
CA5.8 Respondeuse ante as continxencias.
CA5.9 Xeráronse contornos de intervención seguros.
CA6.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.1.2 Elaboráronse indicadores de avaliación.
CA6.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado para as características individuais e para a idade do neno ou da nena.
CA6.3 Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA6.4 Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
CA6.5 Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación da intervención.
CA6.6 Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
CA6.6.2 Detectáronse situacións en que cumpra a colaboración doutro perfil profesional.
CA6.6.4 Aplicáronse os pasos a seguir de cara á colaboración doutro perfil profesional.
CA6.8 Adecuouse á pauta prevista a actuación e a actitude da persoa profesional.

### **3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva:

Todos os RAs cos seus CAs correspondentes (así como os subCAs derivados dos mesmos e establecidos no punto 2 da presente programación), establecidos no currículo do ciclo de educación infantil (Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil, modificado polo 38/2010) no módulo de desenvolvemento cognitivo e motor.

**Criterios de cualificación:**

En todo o referido á proba seguirase o contido na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Mais procede explicitar o seguinte:

Primeira parte: proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte: proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final da proba será unha expresión numérica, entre un e dez, sen decimais. Esta cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Ademais dos criterios de avaliación descritos no currículo, a profesora terá en consideración para a cualificación da proba os seguintes aspectos:

- Limpeza e orde nos documentos de exame.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario técnico relacionado do módulo e coa Educación Infantil en xeral.
- Coherencia das respostas co demandado no enunciado das preguntas abertas (xustifica, cita, explica, enumera, pon un exemplo).
- Adaptación das solucións dos supostos prácticos aos datos concretos que se expoñen no seu enunciado.

As persoas pertencentes á comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

#### **4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

##### **4.a) Primeira parte da proba**

Consistirá na realización dunha proba de carácter obxectivo e suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. As preguntas da proba escrita poderán ser dos seguintes tipos: tipo test presentando varias respostas das cales unha é correcta, de resposta corta, de relacionar conceptos, de identificar imaxes de recursos propios da educación infantil, etc. No cuestionario, de ser o caso, engadiranse 5 preguntas de reserva e no caso de que algunha delas tivera que ser eliminada pasaranse a contabilizar estas pola orde establecida nas mesmas. No apartado de test, se fose o caso, penalizaranse as respostas incorrectas de xeito que dúas respostas erróneas invalidarán unha resposta correcta. As preguntas que non se contesten, non computarán nin positiva nin negativamente.

A proba terá unha duración máxima de 2 horas. Ata transcorridos 10 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame.

Esta primeira parte da proba, que terá carácter eliminatorio, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Cada aspirante debe presentar o seu Documento Nacional de Identidade e dispor dun bolígrafo negro ou azul de tinta indeleble.

#### **4.b) Segunda parte da proba**

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta segunda parte consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos nos que se deberán aplicar e poñer de relevo os coñecementos pertinentes relacionados con contidos básicos do módulo.

A proba terá unha duración máxima de 2 horas. Nos primeiros 15 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo. O resto do material necesario para o seu desenvolvemento facilitarallo a comisión de avaliación.

Esta segunda parte da proba poderá cualificarse de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.